

As familias contan



Queridas familias:


Este mes de abril a nosa biblioteca está de celebración xa que o día 23 é o Día internacional do libro.

Con motivo disto, e de que pasiño a pasiño ímos camiño a unha nova normalidade, queremos volver a encher a nosa biblioteca de contos, historias, risas...en definitiva de vida.

Rubiño, a nosa fiel mascota, quere abrir as portas da biblioteca a aquelas familias que se animen a contar un conto, dende infantil a 6º de primaria, xa sexa cun libro na man, empregando so as súas fermosas voces ou con calquera accesorio (monicreques, panos, sombras, kamishibais, saquiños)

Todos aqueles que esteades interesados tedes que enviar un email ao correo do centro ceip.chano.pinheiro@edu.xunta.gal poñendo no asunto "As familias contan"

O equipo de biblioteca porémonos en contacto con vós para coñecer a vosa dispoñibilidade e concretar así un data para convidarvos ao noso lugar favorito do cole.



Unha aperta
O Equipo de Biblioteca

